

67

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
90 minutos

Xogo de roles  
Intercultura

# OS DERDIÁNS

**Fonte:**

Intercultural learning T-Kit n.º 4

<http://pjp-eu.coe.int/en/web/youth-partnership/t-kits>

**Título orixinal:**

4.4.4 "The Derdians"

## MATERIAIS

Papel resistente (cartón ou cartolina), cola, tesoura, regra, precinto, lapis.  
Regras do xogo para os enxeñeiros e para os derdiáns.

## ESPAZO

Dous espazos diferenciados.

## DESCRIPCIÓN

Un equipo de enxeñeiros desprázase a un país chamado Dardia para lles aprender aos seus habitantes a construír pontes.

Esa actividade presenta o encontro entre dúas culturas. Componse dunha fase de simulación con roles e dunha reflexión posterior. Consiste en atopar a chave dun comportamento cultural descoñecido para logo analizar os efectos do encontro cunha cultura estranxeira.

- 4 a 8 persoas compoñen o equipo dos enxeñeiros que lle vai aprender aos derdiáns a construír pontes. Van para outro espazo e reciben as instrucións.
- Os demais participantes son derdiáns, que reciben tamén instrucións.

Con grupos grandes, pode haber un equipo de observadores adicado a tomar notas. Os observadores non deben coñecer os pormenores da cultura dos derdiáns e ao inicio do xogo poden comezar onda os enxeñeiros.



67

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
90 minutos

# OS DERDIÁNS

## REFLEXIÓN E AVALIACIÓN

Logo da simulación, nunha folla grande de papel, anótanse os comentarios dos dous grupos verbo 1) Feitos 2) Impresións 3) Interpretación

Os puntos seguintes deben ser discutidos en plenario:

- Temos tendencia a crer que os outros pensan coma nós.
- A miúdo facemos interpretacións logo dun primeiro contacto, sen sermos conscientes das diferenzas tocante a comportamentos culturais.
- Como se repartiron os papeis? Que papel desempeñei? Que me revelou acerca da miña identidade? Sentínme ben no meu papel?
- A percepción que eu teño, é a que tiveron tamén os demais?
- Que influencia exercen as miñas experiencias culturais no papel que desempeñei?

## Instrucións para os enxeñeiros (1/2)

Sodes parte dun equipo internacional de enxeñeiros que traballa para unha empresa multinacional de construción. A vosa empresa acaba de asinar un importante contrato co goberno de Derdia a través do que se compromete a lles aprender aos derdiáns a construír pontes. O contrato estipula que deben respectar imperativamente o prazo establecido. En caso contrario o contrato cesará e vós perdedes o emprego.

O goberno de Derdia mostrou moito interese neste proxecto financiado pola Unión Europea. Derdia é un país montañoso, cheo de cantís e de vales profundos, mais sen pontes.

En consecuencia, son precisos varios días para que os derdiáns se despracen das vilas ata o mercado da cidade máis próxima. Se existise unha ponte o traxecto poderá ser feito en menos de cinco horas.

Dado o número de desfiladeiros e de ríos no país, non abonda con construír unha ponte e despois marchardes .

Cómpre que lles aprendades as técnicas de construción aos derdiáns.



67

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
90 minutos

# OS DERDIÁNS

## Instrucións para os enxeñeiros (2/2)

### Simulación:

Comezade por ter tempo para ler atentamente estas instrucións e decidir como construír a ponte.

Ao cabo dun tempo especificado dous membros do equipo de enxeñeiros poden pasar tres minutos na aldea onde a ponte vai ser construída

(para avaliar as condicións naturais e materiais, contactar cos derdiáns etc.).

Logo teredes 10 minutos para analizar a situación e completar os preparativos.

Posteriormente o equipo completo de enxeñeiros desprazarase á aldea para lles aprender aos derdiáns a construír unha ponte.

### Ponte:

A ponte será simbolizada por unha construción en cartón entre dúas cadeiras ou dúas mesas separadas por unha distancia duns 80 cm e debe ser estable.

Logo de estar rematada, debe soportar o peso das tesoiras e da cola que serviron para a súa construción.

Cortar as pezas da ponte e colocalas posteriormente na aldea non chega, pois non permite que os derdiáns aprendan as técnicas de construción.

Os derdiáns deben poder asistir a todas as fases da construción da ponte.

Cada un dos elementos da ponte deberá ser deseñado con lapis e regra antes de ser cortado coa axuda das tesoiras.



67

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
90 minutos

# OS DERDIÁNS

## Instrucións para os derdiáns (1/2)

### Situación:

Vivides nun país chamado Dardia.

A aldea na que habitades está separada da cidade máis próxima, na que está o mercado, por un val profundo. Ir ao mercado significa camiñar durante dous días.

Se contasedes cunha ponte que fixese a ligazón entre o val, cinco horas habían ser abondas.

O voso goberno asinou un contrato cunha empresa estranxeira para que vos aprenda a construír pontes. Os habitantes da vosa aldea serán, pois, os primeiros enxeñeiros de Dardia.

Logo de construírdes esta primeira ponte coa axuda de especialistas estranxeiros, poderedes construír outras en todo o país para facilitarlles a vida aos vosos concidadáns.

A ponte será construída utilizando cartón, regras, tesoiras e cola. Coñecedes o material e mais as ferramentas, pero non as técnicas de construción.

### Comportamento social:

Os derdiáns teñen o hábito de se tocar mutuamente. A súa comunicación baséase no contacto físico. non tocar a alguén con quen falamos é mal interpretado. O contacto non ten que ser necesariamente directo. Así que se alguén se xunta a un grupo, a aproximación a un dos membros é suficiente para ser automaticamente incluído na conversación.

### Saúdo:

Saudar as persoas que se encontran é esencial, aínda que só sexa un encontro de paso.

O saúdo tradicional consiste en bicar o ombro. A persoa que saúda primeiro bica no ombro dereito e a persoa saudada retribúe cun bico no ombro esquerdo.

Calquera outra forma de saudar é un insulto! Por exemplo, chocar as mans, é un dos insultos máis graves neste país.

Se un Dardián se sente insultado porque non foi saudado como conviña ou tocado durante unha conversa comeza a gritar con moita forza.



67

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

12 ou máis participantes  
90 minutos

# OS DERDIÁNS

## Instrucións para derdiáns (2/2)

### Si/non:

Os derdiáns non utilizan a palabra "non". Din sempre que "si" e cando queren dicir "non" acompañan o seu "si" con acenos de cabeza negativos.

### Comportamento profesional:

No seu traballo os derdiáns tamén se tocan moito.

Algunhas ferramentas son propias do sexo masculino, outras do sexo feminino: as tesoiras son do sexo masculino, mentres que os lapis e as regras son do sexo feminino. A cola é neutra. Os homes nunca tocan un lapis ou unha regra e as mulleres nunca tocan as tesoiras. (Parece que isto está relacionado coa tradición ou coa relixión).

### Os estranxeiros:

Os derdiáns gustan de compañía. Consecuentemente, gustan dos estranxeiros. Mais son igualmente fieis a si mesmos e á súa cultura. Saben que nunca serían capaces de construír unha ponte sen axuda, mais non por iso xulgan a cultura e a educación dos estranxeiros superior; para eles, a construción de pontes é simplemente unha habilidade que descoñecen. Esperan que os estranxeiros se adapten á cultura deles. Na medida en que os seus propios comportamentos lles parecen completamente naturais, son incapaces de llelos explicar aos peritos (este punto é MOI importante!).

Un home de Derdia nunca entrará en contacto con outro home a non ser que este lle sexa presentado por unha muller, sexa ela derdiá ou non.

